

**Acta núm. 09/2020.**  
**Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local**  
**do 29 de abril de 2020.**

**CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:**

Pablo Lago Sanmartín.  
Carlos Noya Pereira.  
Sandy Marie Cebral Gómez.

Non asiste: María Rosa Romero Fariña

No salón de sesións da Casa do Concello de Brión, ás 13,00 horas do 29 de abril de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 08/2020, DO 13.03.2020.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 5º) LICENZA DE OBRA MAIOR
- 6º) CORRECCIÓN DE ERROS.
- 7º) RECOÑECIMENTO DE IMPOSIBILIDADE DE EXECUCIÓN DE CONTRATO POLO COVID-19.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 08/2020, DO 13.03.2020.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 13.03.2020, acta núm. 08/2020.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

**a)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSEFA SALADINA MOSQUERA MONTAÑA, na que comunica que vai construír un peche no linde sur dunha parcela sita no lugar de Babenzo nº 24 – Bastavales, coas seguintes características:

- O peche farase con dúas filas de bloques e arame por enriba e terá unha lonxitude aproximada de 24 metros.

A parcela (8321405NH2482S0001PK) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A parte cega de bloques de formigón terá unha altura máxima de 1,20 metros e a altura total do peche será de 1,80 metros, medidos desde a rasante natural do terreo.
- A parte cega de bloques será convenientemente revestida e pintada.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 17,66 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 82,23 euros.

**b)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALFONSO SERRAMITO FREIRE, na que comunica que vai substituír todas as ventás dunha vivenda sita no lugar de Cabo nº 8 – Os Anxeles, para garantir as condicións de estanquidade e illamento.

A parcela onde se empraza a edificación (7445704NH2474N0001DJ) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 162,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 226,57 euros.

**c)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Verónica Rodríguez Casal, que di actuar en representación da C.P URBANIZACIÓN ALDEA DO RIO PEGO, na que comunica que vai realizar obras puntuais na vivenda 2º D, do portal nº 10, de reparación de cubertas, para evitar filtracións de auga.

A edificación onde se pretenden realizar as obras, emprázase sobre ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC-3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 13,60 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 78,17 euros.

**d)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSEFA BOISA DÍAZ, na que comunica que vai limpar e encintar as paredes, substituír dúas ventás e cubrir as baixantes de pluviais, dunha vivenda sita en Chave de Ponte nº 19 – Bastavales, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación (9012302NH2491S0001OT) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 37,40 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 101,97 euros.

**e)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL CARMEN BECERRA GÓMEZ, na que comunica que vai limpar, reparar e pintar a totalidade das fachadas da vivenda sita en Nináns nº 17- Luaña, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación (0549402NH2404N0001LS) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por

unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 90,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 00,00 euros.

Total: 90,00 euros.

**f)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ MANUEL VÁZQUEZ SANTAMARINA, na que comunica que vai realizar as seguintes obras de conservación nunha vivenda sita en Cabanas nº 24 – Os Ánxeles, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual:

- Reparar a cuberta colocando tella do país sobre as pranchas de fibrocemento existentes.
- Limpeza e encintado das fachadas.
- Revestimento dos paramentos verticais e horizontais interiores con pranchas de cartón-xeso.
- Alicatado das zonas húmidas e colocación de pavimento de baldosas cerámicas.

A parcela onde se empraza a edificación (nº 9112303NH2491S0001PT) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 113,81 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 178,38 euros.

### **TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.**

**a)** Deuse conta dunha instancia asinada por Juan José Coiradas Sambade, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha vivenda sita en Guitiande 53, derivando o condutor RZ 50 existente en apoio de formigón HV, mediante a realización dun paso aéreo subterráneo ata a situación da CPM do cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha gabiá dunha lonxitude total de 42 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña de data 04/02/2020, visado nº 277/20-CO.

A parcela á que se pretende dar subministro de enerxía eléctrica (referencia catastral nº nº7350355NH2475S0000HK) sitúase en Guitiande nº 53 – Os Ánxeles, e está clasificada como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2); nela estase a construír unha vivenda unifamiliar que conta con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 16.11.2017.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos

existentes.

-: Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 702,81 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- . Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 80,56 euros.

- . Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 145,13 euros.

**b)** Deuse conta dunha instancia asinada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión, para dar subministro eléctrico a dúas vivendas sitas no lugar de Outeiro, derivando o condutor RZ 50 existente en apoio de formigón e mediante a realización dun paso aéreo subterráneo (P.A.S) tender con condutor XZ1 50 ata a localización da CPM a instalar polo cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabia dunha lonxitude total de 15,00 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pedro Tizón Barrio, visado do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña de data 26/08/2019, visado nº 2630/19-CO.

A parcela á que se pretende dar subministro de enerxía eléctrica (ref. Catastral nº 8143702NH2484S000IXY) sitúase en Outeiro nº 29-30 e está clasificada como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1); nela estase a construír dúas vivendas unifamiliares que contan con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local o 13.07.2010.

A actuación está dentro da zona de policía do Rego de Sanín, polo que se achega autorización de Augas de Galicia de data 20.02.2020, clave DH.W15.68541.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización outorgada por Augas de Galicia, asinada o 20.02.2020, con entrada no Concello o 05/03/2020, clave DH.W15.68541, e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-: Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

-: Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 403,16 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- . Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 20,63 euros.

- . Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 85,20 euros.

#### **CUARTO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por BEATRIZ GARCÍA MÉNDEZ e ENMANUEL LÁZARO PÉREZ, na que solicitan licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Piñeiro nº 41 – San Salvador.

A Xunta de Goberno Local do 17.01.2018 concedeu licenza de obra maior para as obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Piñeiro nº 41, segundo proxecto redactado polos arquitectos Salgado e Liñares S.L.P, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 25/08/2017 e documentación complementaria presentada o 11/01/2018 (r.e. 130).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado pola sociedade de arquitectura SALGADO E LIÑARES S.L.P ((Alfonso Salgado Suárez e Francisco X. Liñares Tuñez), visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 06.11.2018, e do informe favorable do asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, autorizando ao interesado o mantemento en precario do muro de peche que se sitúa na porción obxecto de cesión ao Concello con destino a viario público, coa condición de proceder á súa demolición, sen indemnización ningunha, no momento que o Concello o requira, e singularmente, cando se proceda polo Concello á ampliación do viario, quedando entre tanto o muro en situación de fora de ordenación, sen que se poidan levar a cabo no mesmo máis obras que as que se permiten ás construcións incursas en tal situación (art. 90 da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

## **QUINTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por SONIA SÁNCHEZ CARDAMA e PEDRO TABOADA SANTOMIL, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar e piscina, no lugar de Vilas nº 34 – Bastavales, segundo proxecto básico e de execución asinado pola sociedade de arquitectura “Terán y Blanco. Taller de arquitectura S.L.P.”, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 17.03.2020, e documentación complementaria asinada e visada o 02.04.2020 (expte. nº 2001396).

A parcela onde se pretenden executar as obras, ref. catastral nº 6622827NH2462S0001PP, está situada en solo de núcleo rural para áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2), e se sitúa en Vilas nº 34, parroquia de Bastavales.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado pola sociedade de arquitectura “Terán y Blanco. Taller de arquitectura S.L.P.”, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 17.03.2020, e documentación complementaria asinada e visada o 02.04.2020 (expte. nº 2001396).

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión, 24,36 m<sup>2</sup>, e que implica a pavimentación deste espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existentes (abastecemento, saneamento, pluviais e alumeadado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses

de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 24,36 m<sup>2</sup> destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 22 de abril de 2020.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 3.721,54 euros.
  - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 347,99 euros.
- Total: 4.069,53 euros.

#### **SEXTO.- CORRECCIÓN DE ERROS.**

a) Detectouse un erro material na concesión da licenza de obra maior outorgada a JUAN MANUEL PIRIZ JIMÉNEZ e MONTSERRAT FUENTES ARENAZ, pola Xunta de Goberno Local o 20.02.2020, para a construción dunha vivenda unifamiliar, no lugar de Liñares nº 62 – Brión. Comprobado o plano de situación do proxecto básico e de execución asinado polo estudio de arquitectura "SALGADO e LIÑARES ARQUITECTOS S.L.P", visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20.11.2019, e documentación complementaria visada o 16.01.2020 (nº expte. 19060734), existe un erro material na referencia catastral da parcela, e nos informes da arquitecta municipal e do asesor xurídico urbanístico do Concello, que non inflúe na situación física da parcela, nin na clasificación do solo, e que polo tanto non afecta ao resto do contido da licenza concedida.

Vistos os informes favorables da arquitecta municipal e do asesor xurídico urbanístico do Concello, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, consonte co disposto no art. 109.2 da Lei 9/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a instancia do interesado, acorda:

1º) Rectificar o erro material advertido no acordo da Xunta de Goberno Local sinalado nos seguintes termos:

Onde di: referencia catastral nº 5852915NH2455S00001TA.

Debe dicir: referencia catastral nº 5852815NH2455S0001TA.

#### **SÉTIMO.- RECOÑECIMIENTO DE IMPOSIBILIDADE DE EXECUCIÓN DE CONTRATO POLO COVID-19.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 22.04.2020, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 27.04.2020, que transcrita di:

Visto o escrito presentado por Victor Manuel Reyero Rodríguez, en nome e representación da entidade AQUAFIT GESTIÓN SL, de data 23.03.2020, con rexistro de entrada no Concello do 24.03.2020, no que en resumo sinala que con data 14.03.2020 produciuse temporalmente a imposibilidade da execución do contrato de: Xestión do servizo público da piscina municipal cuberta climatizada de Brión, formalizado con data 26.05.2011, asinado coa empresa AQUAFIT

GESTIÓN SL, e que se atopa vixente na actualidade, como consecuencia do Decreto 463/2020, do 14 de marzo, e no que solicita ao abeiro do disposto no artigo 34.4 do Real Decreto Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, que se recoñeza a imposibilidade de executar temporalmente o contrato desde o 14 de marzo de 2020 como consecuencia da situación de feito creada polo COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas, e a administración local para combatilo, aos efectos previstos no art. 34.4 do Real Decreto Lei 8/2020, do 17 de marzo (BOE do 18.03.2020).

Visto o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, publicado no BOE do 14.03.2020, e con efectos desde o día 14.03.2020, no que se sinala no seu artigo 10.3: “” Se suspende la apertura al público de los museos, archivos, bibliotecas, monumentos, así como de los locales y establecimientos en los que se desarrollen espectáculos públicos, las actividades deportivas y de ocio indicados en el anexo del presente real decreto.””

Visto que entre as actividades do anexo figuran expresamente as piscinas.

Visto o disposto no artigo 34.4 do Real Decreto Lei 8/2020, do 17 de marzo de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, que sinala:

“” 4. En los contratos públicos de concesión de obras y de concesión de servicios vigentes a la entrada en vigor de este real decreto-ley, celebrados por las entidades pertenecientes al Sector Público en el sentido definido en el artículo 3 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, la situación de hecho creada por el COVID-19 y las medidas adoptadas por el Estado, las comunidades autónomas o la Administración local para combatirlo darán derecho al concesionario al restablecimiento del equilibrio económico del contrato mediante, según proceda en cada caso, la ampliación de su duración inicial hasta un máximo de un 15 por 100 o mediante la modificación de las cláusulas de contenido económico incluidas en el contrato.

Dicho reequilibrio en todo caso compensará a los concesionarios por la pérdida de ingresos y el incremento de los costes soportados, entre los que se considerarán los posibles gastos adicionales salariales que efectivamente hubieran abonado, respecto a los previstos en la ejecución ordinaria del contrato de concesión de obras o de servicios durante en el período de duración de la situación de hecho creada por el COVID-19. Solo se procederá a dicha compensación previa solicitud y acreditación fehaciente de la realidad, efectividad e importe por el contratista de dichos gastos.

La aplicación de lo dispuesto en este apartado solo procederá cuando el órgano de contratación, a instancia del contratista, hubiera apreciado la imposibilidad de ejecución del contrato como consecuencia de la situación descrita en su primer párrafo.””

Considerando que neste expediente o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º) Recoñecer a imposibilidade de executar temporalmente o contrato desde o 14 de marzo de 2020, como consecuencia da situación de feito creada polo COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas e a administración local para combatilo, aos efectos previstos no art. 34.4 do Real Decreto Lei 8/2020, do 17 de marzo (BOE do 18.03.2020).

2º) Notificar este acordo á empresa concesionaria do servizo AQUAFIT GESTIÓN SL para o seu coñecemento e efectos.

A Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación competente neste expediente por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

José Luis García García

O secretario

Javier Nieves González